

As organizacións asinantes do Acordo de estabilidade no emprego expresan á Consellería de Educación a insuficiencia do número de prazas de consolidación na Oferta Pública de Emprego.

A Consellería comprometeuse a estudar as peticións de cara á Oferta a presentar na mesa Sectorial de mañá martes

Na xuntanza da subcomisión de seguimento do Acordo pola Estabilidade no Emprego Público celebrada na mañá de hoxe, as organizacións asinantes do acordo, nomeadamente CCOO-Ensino, ANPE, FeSP-UGT e CSI-F expresaron á Consellería que o número de prazas que teñen a intención de convocar na Oferta Pública de Emprego de 2018 é a todas luces insuficiente para acadar o obxectivo de reducir a temporalidade á contorna do 5% no sector docente, tal e como establece o acordo asinado por estas organizacións e a administración.

As organizacións asinantes plantexaron a necesidade de incrementar as prazas correspondentes á consolidación de emprego para así poder acadar a redución das cifras de temporalidade que neste momento están nun 13%.

A Consellería comprometeuse, tras a xuntanza, a estudar as peticións e valorar un posible incremento das mesmas de cara á incluílas na Oferta Pública de Emprego que se negociará , mañá martes na Mesa Sectorial convocada ao efecto.

